

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Orde do 23 de marzo de 2010 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante na Xerencia de Atención Primaria de Vigo.

Advertido erro no texto da dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 70, do 15 de abril de 2010, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 5.875, onde di:

«Segundo.-Seleccionar para a praza que se indica a persoa citada no anexo desta orde, para os efectos da súa contratación, ao abeiro do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.», debe dicir:

«Segundo.-Nomear na praza que se indica a persoa citada no anexo desta orde, para os efectos do previsto no número 2º do artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde».

Corrección de erros.-Orde do 29 de marzo de 2010 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo pertencente á estrutura directiva do Hospital Comarcal de Monforte.

Advertido erro no texto da dita orde, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 71, do 16 de abril de 2010, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 5.974, onde di:

«Segundo .-Seleccionar para a praza que se indica a persoa citada no anexo desta orde, para os efectos da súa contratación, ao abeiro do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.», debe dicir:

«Segundo.-Nomear na praza que se indica á persoa citada no anexo desta orde, para os efectos do previsto no número 2º do artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde».

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 24 de marzo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se formaliza a convocatoria para a selección de aspirantes a vinculacións temporais, na categoría de persoal de enfermaría (DUE) no ámbito da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

No pacto subscrito pola Administración sanitaria de Galicia e as centrais sindicais CIG, CC.OO., UGT, CSI-

CSIF e SAE, sobre selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde asinado o 6 de maio de 2004 e publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 104, do 1 de xuño, establécese que, unha vez publicado o pacto, se formalizará e se publicará a convocatoria de aspirantes.

En cumprimento e ao abeiro desta norma, e como instrumento de continuidade no tempo doutras convocatorias precedentes, por medio da resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde do 1 de abril de 2009 (DOG nº 73, do 17 de abril), formalizouse unha convocatoria de selección temporal de novas persoas aspirantes e de incorporación de novos méritos polas persoas aspirantes xa inscritas nas institucións sanitarias deste organismo nas categorías de persoal médico de familia, pediatra, persoal médico de urxencias hospitalarias, odontólogo e odontóloga, persoal de enfermaría (DUE), matró/oa, técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría e cocifeiro e cocifeira.

A antedita resolución constituíu, así, o primeiro antecedente normativo no eido da selección temporal de persoal estatutario que, para as categorías referidas, abrangue as entidades incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 91/2007, do 26 de abril (DOG nº 100, do 25 de maio), de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionados por entidades adscritas á Consellería de Sanidade e en cumprimento do establecido na súa disposición transitoria primeira.

Non obstante, peculiaridades de índole organizativa, así como a especificidade do labor asistencial que desenvolve a *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*, centrado na atención ao paciente en situacións de urxencia e emerxencia, así como na atención a accidentes de múltiples vítimas e catástrofes, incluído o transporte sanitario de pacientes críticos, terrestre e aéreo, obrigaron a demorar a formalización da selección temporal do persoal de enfermaría (DUE) do citado organismo, prevéndose a realización posterior dunha convocatoria complementaria e específica para o dito ámbito.

Esta resolución vén, así, dar cumprimento á citada previsión, instrumentando un proceso complementario e específico de selección temporal para o persoal de enfermaría (DUE), proceso complementario, na medida que estende o ámbito funcional das vinculacións temporais do persoal de enfermaría (DUE) do organismo autónomo ao da *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*, e proceso específico, na medida en que, sendo desagregado, incorpora as singularidades deste colectivo profesional e da súa xestión, tales como, o encadramento destas persoas aspirantes nunha única lista configurada como área especial de enfermaría do 061 e sobre a cal pivotarán todas as vinculacións temporais do persoal de enfermaría desta fundación pública -independentemente do tipo e duración do seu vínculo-, a xestión dos chamamentos no ámbito da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, ou a determinación de requisitos específicos para o acceso de aspirantes á citada listaxe.

Logo do acordo do contido desta convocatoria no seo da comisión central de seguimento do pacto de selección temporal, a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no exercicio das facultades atribuídas no Decreto 311/2009, do 28 de maio (DOG nº 109, do 5 de xuño), polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, a Dirección de Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.-Obxecto.

Por medio desta resolución procédese a convocar as persoas interesadas en presentaren a súa solicitude de inscrición na listaxe que se confeccione, en aplicación da norma 12.2 do pacto sobre selección temporal do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para o acceso ás vinculacións temporais na área especial de Urxencias do 061, na categoría de persoal de enfermaría (DUE).

Na elaboración e xestión da citada listaxe serán de aplicación as bases contidas nesta convocatoria así como as normas previstas no vixente pacto de selección temporal de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* nº 104, do 1 de xuño de 2004).

En ningún caso a admisión e baremación efectuada consonte esta convocatoria afectará ás listaxes vixentes de aspirantes a vinculacións temporais de persoal de enfermaría (DUE) nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, non outorgando ningún dereito de admisión nelas, nin modificación da puntuación que determina a súa orde de prelación.

Segundo.-Ámbito.

O ámbito de selección da listaxe xurdida desta convocatoria será de comunidade autónoma e xestionarase a mesma no ámbito da propia *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*.

Terceiro.-Requisitos.

1. As persoas aspirantes deberán acreditar documentalmente posuír ou estar en condicións de cumprir dentro do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

a) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade de xubilación forzosa.

b) Acreditar a nacionalidade española ou dun país da Unión Europea ou, de ser o caso, dispor de autorización para poder residir e traballar legalmente en España.

c) Posuír a titulación que, segundo se fai constar no modelo de solicitude, habilita para o exercicio da profesión correspondente, ou a formación requirida para o acceso. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá acreditarse a habilitación mediante documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

d) Acreditar o aboamento de taxas, agás os supostos previstos na base novena desta resolución.

e) Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración

pública nin atoparse inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

2. Ademais, e como requisito específico, as persoas aspirantes deberán acreditar unha experiencia profesional mínima de dous meses no desenvolvemento das funcións propias da categoría obxecto de convocatoria nas áreas de urxencias e emerxencias extrahospitalarias tipo SEM, urxencias extrahospitalarias, urxencias hospitalarias, UCI ou reanimación e/ou formación específica adquirida mediante a realización debidamente acreditada de cursos de formación que, cumprindo os requisitos para baremación definidos no anexo V do pacto de selección temporal de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 104, do 1 de xuño de 2004), inclúan os contidos de soporte vital avanzado cardiolóxico, pediátrico e traumatolóxico e/ou atención a accidentes de múltiples vítimas e catástrofes, directamente relacionados co desenvolvemento das funcións do posto.

Cuarto.-Solicitudes e documentación.

As persoas interesadas en participaren na convocatoria deberán presentar solicitude, segundo modelo normalizado que se xunta como anexo e que estará ao seu dispor na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), nas direccións provinciais, centros hospitalarios e xerencias de atención primaria do citado organismo, así como na sede da *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*.

Xunto coa solicitude, e dentro do prazo de presentación desta, as persoas interesadas deberán presentar copia do DNI, debidamente compulsada, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos e dos méritos alegados. Tal acreditación efectuarase mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas, segundo se recolle no modelo de solicitude, e con base no disposto nos anexos do propio pacto para o baremo correspondente á categoría de DUE.

Non será obxecto de valoración a documentación que se presente fóra do prazo de presentación de solicitudes.

Para a baremación das epígrafes de desemprego e experiencia profesional, as persoas aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

1. Para a acreditación do desemprego: certificado de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondente aos tres últimos anos.

2. Para a acreditación de servizos prestados:

-En institucións sanitarias públicas ou entidades públicas: certificado asinado polo director ou directora da institución sanitaria ou responsable do organismo público correspondente, no cal conste a información necesaria para a baremación de tal mérito consonte o anexo V do vixente pacto de selección temporal (*Diario Oficial de Galicia* nº 104, do 1 de xuño de 2004).

-En institucións ou empresas privadas: certificación en que conste a información necesaria para a baremación de tal mérito consonte o anexo V do vixente pacto de selección temporal e, ademais, o informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou calquera outro documento de carácter público en que se ratifique a veracidade dos datos reflecti-

dos no certificado. A única presentación do contrato ou contratos laborais ou do informe de vida laboral non será suficiente para a acreditación de tal mérito.

As persoas aspirantes que figuren admitidas na listaxe normal elaborada na última convocatoria ordinaria de aspirantes a vinculacións temporais no ámbito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde na categoría de DUE estarán exentas de presentar a documentación relativa a experiencia profesional, formación académica, formación continuada e coñecementos do idioma galego, incorporada na citada convocatoria, agás a relativa ao cumprimento dos requisitos específicos exixidos na base terceira.2 desta resolución, que deberá ser presentada por todas as persoas aspirantes, sen excepción, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Ao dispoñer a administración convocante da dita información, non será necesario que as persoas aspirantes acrediten documentalmente a superación do exercicio ou exercicios da fase de oposición da categoría de persoal de enfermaría (DUE), convocado polo Servizo Galego de Saúde por Resolución do 18 de febreiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 40, do 26 de febreiro).

Quinto.-Prazo e lugar de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes, xunto coa documentación necesaria, poderán presentarse nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, nos rexistros das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde e nos rexistros dos hospitais, complexos hospitalarios e xerencias de atención primaria do Servizo Galego de Saúde. Así mesmo, poderán presentarse por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixiranse á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Constituirá causa de inadmisión no citado procedemento a presentación extemporánea da solicitude pola persoa interesada.

Sexto.-Méritos.

Para a avaliación dos méritos das persoas aspirantes aplicarase o baremo contido no anexo V do Pacto de selección temporal do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* nº 104, do 1 de xuño de 2004).

Só se valorarán os méritos causados ata o día inmediatamente anterior ao de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e que resulten acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Sétimo.-Elaboración das listas.

As listaxes de aspirantes aos nomeamentos temporais elaboraranse pola estrita orde de puntuación que resulte da aplicación do baremo que se establece na disposición sexta desta resolución.

Unha vez que se teña realizada a baremación, publicaranse as listaxes provisorias nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde e dos centros asistenciais dependentes delas,

incluíndo a relación das persoas aspirantes admitidas coa súa puntuación e orde de prelación, así como das excluídas, indicando as causas da súa exclusión.

Resoltas as reclamacións, publicaranse as listaxes definitivas do xeito establecido para as listaxes provisorias.

Contra as listaxes definitivas as persoas aspirantes poderán presentar recurso de reposición ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a data seguinte á da súa publicación.

Serán compatibles, e non constituirá causa de exclusión en ningunha delas, a inscrición dunha mesma persoa aspirante na listaxe correspondente á última convocatoria ordinaria de persoal de enfermaría (DUE) e na que se confeccione en aplicación desta resolución.

Oitavo.-Entrada en vigor das listaxes.

As listaxes que se elaboren en execución desta convocatoria entrarán en vigor na data indicada na resolución de publicación das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Sen prexuízo do disposto na norma 12.2.2 do pacto de selección temporal vixente, as persoas admitidas nestas listaxes serán chamadas para a formalización de nomeamentos derivados de todas as vinculacións temporais (de substitución con presenza física, de substitución como garda localizada, eventuais por acumulación de tarefas, interinidades e demais vinculacións de longa duración) que xurdan no ámbito da *Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia-061*, independentemente da duración previsible deles.

Noveno.-Aboamento de taxas.

Efectuarase o aboamento de taxas consonte as formalidades, importes e, de ser o caso, normas de exención que se prevén na disposición novena da resolución do 1 de abril de 2009, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional (*Diario Oficial de Galicia* nº 73, do 17 de abril).

Non obstante, estarán exentos do aboamento das respectivas taxas aquelas persoas aspirantes que acrediten o aboamento das taxas de inscrición correspondentes á convocatoria ordinaria de enfermaría vehiculada pola resolución citada no parágrafo precedente.

Décimo.-*Incorporación automática de novas persoas aspirantes.*

Consonte o réxime disposto na norma décima da resolución do 1 de abril de 2009, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional (*Diario Oficial de Galicia* nº 73, do 17 de abril), as persoas aspirantes interesadas, que reúnan os requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria poderán presentar a súa solicitude sen necesidade dunha convocatoria previa durante os primeiros quince días dos meses de xullo e outubro de 2010, e nos primeiros quince días dos meses de marzo, xullo e outubro dos anos sucesivos, de ser o caso.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

Solicitud de inscripción na área especial de urxencias do 061 na categoría de persoal de enfermaría (DUE)

CONVOCATORIA DATA (Deberá consignarse a data de publicación desta convocatoria no DOG)

SOLICITANTE: Nome e apelidos, DNI, Enderezo, Concello, Teléfono, Código numérico persoal (CNP), Provincia, C.P., Correo electrónico

EXPÓN: Que, publicada a convocatoria para presentar solicitudes como aspirantes a vinculacións temporais de persoal de enfermaría (DUE) na área especial de Urxencias do 061 (pacto sobre selección temporal, resolución conxunta do 24 de maio de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Saúde e a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde) para a prestación de servizos con carácter temporal no ámbito da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, nas condicións que se establecen no devandito pacto, e crendo reunir os requisitos necesarios,

SOLICITA: Que sexa admitida esta solicitude para a área especial de enfermaría (DUE) do 061, ámbito de Comunidade Autónoma, e demais condicións sinaladas.

MARQUE, DE SER O CASO, AS SEGUINTE CASAS: - Exercicios superados na fase de oposición da última OPE do Sergas, excluído o de galego: 1º ... 2º ... Se figura nas listaxes da convocatoria ordinaria de persoal de enfermaría (DUE) do Servizo Galego de Saúde, sinala o seguinte:

Área de xestión: Efectuou pagamento previo das taxas de inscrición Goza de exención total de pagamento de taxas (grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; integrante de familia numerosa de categoría especial) Goza de exención parcial de pagamento de taxas (integrante de familia numerosa de categoría xeral) Non efectuou pagamento de taxas nin goza de exención total ou parcial do aboamento

Relación de documentos que presentan as persoas aspirantes (Sinalése cun X os documentos que xuntan)

- Exemplar da autoliquidación da taxa destinado á Administración cuberto pola entidade bancaria, ou xustificante do aboamento pola internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas (de ser o caso).
Copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa (ou carta identificativa e permiso de traballo e residencia no suposto de cidadáns fóra da U.E. se non consta no seu expediente).
Copia compulsada da titulación exixida para a categoría solicitada (se non consta no seu expediente).
Orxinais ou copias compulsadas dos requisitos de admisión específicos dispostos na norma terceira-2 desta convocatoria (certificados de servizos prestados nas áreas de referencia, expedidos polos centros sanitarios e/ou cursos de formación e perfeccionamento específicos).
Orxinais ou copias compulsadas do expediente académico (se non consta no seu expediente).
Orxinais ou copias compulsadas dos cursos de formación e perfeccionamento que non se tivesen presentado en anteriores convocatorias para esta categoría: 1.- 2.- 3.- 4.- 5.- 6.- 7.- 8.- 9.- 10.-
Para a acreditación dos servizos prestados: certificados expedidos polos correspondentes centros sanitarios que non se tivesen presentado en anteriores convocatorias (agás o establecido na disposición cuarta-2 desta convocatoria).
Documentación acreditativa doutros méritos non se tivesen presentado en anteriores convocatorias: 1.- 2.- 3.- 4.- 5.-
Acreditación de discapacidade en grao igual ou superior ao 33%: deberá presentarse certificación acreditativa do grao de discapacidade (delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar).
Acreditación da condición de integrante de familia numerosa de categoría especial.
Acreditación da condición de integrante de familia numerosa de categoría xeral.

Titulación exixida: -Diplomatura universitaria en enfermaría ou ATS.
Requisitos específicos de admisión: -Experiencia profesional mínima de dous meses no desenvolvemento das funcións propias da categoría nas áreas de urxencias e emerxencias tipo SEM, urxencias extrahospitalarias, urxencias hospitalarias, UCI ou reanimación.
-Ou realización acreditada de cursos de formación e perfeccionamento que, cumprindo os requisitos para baremación definidos no anexo V do pacto de selección temporal de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 104, do 1 de xuño de 2004), inclúan os contidos de soporte vital avanzado cardiolóxico, pediátrico e traumatolóxico e/ou atención a accidentes de múltiples vítimas e catástrofes, directamente relacionados coas funcións do posto.

IDADE: a idade mínima exixida será, cando menos, de 16 anos cumpridos o derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes, e non caberá exceder a idade de xubilación forzosa (65 anos).
ADVERTENCIAS: 1º.-As persoas aspirantes que actualmente figuren inscritas nas listaxes especiais para vinculacións de curta e/ou longa duración no novo modelo de urxencias de atención primaria (Normas 12.5.1.A e 12.5.1.B), curta duración hospitalaria (Norma 12.3.1) e/ou área especial de enfermaría (Norma 12.2), serán dadas de baixa na mesma, ou nas mesmas de ser o caso, ao considerarse ámbitos funcionais incompatibles entre si.
2º.-De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos incluídos nesta solicitude serán rexistrados en ficheiros automatizados da responsabilidade da Consellería de Saúde/Servizo Galego de Saúde. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderán ser realizados nos termos previstos na antedita lei.